



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, SUBGRUPO C1 (EXPDTE. 2022/E001/000013)

FASE DE OPOSICIÓN. TERCEIRA PROBA.

En Ordes, a 24 de abril de 2023, sendo as trece horas reúnese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, 3º andar, Ordes o Tribunal que ha de xulgar o PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTAXE DE FUNCIONARIO INTERINO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, SUBGRUPO C1, convocada por resolución de alcaldía nº 1502/2022, de data 1 de decembro de 2022.

Asisten:

- . **Presidente:** Javier Siro Suárez Rodríguez. Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **1º Vogal:** María José Nartallo Penas, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional [asistencia por medios electrónicos, videoconferencia (art. 17.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, LRXSP).
- . **2º Vogal:** José Alberto Moar Tobío, Escalade Funcionarios de Administración Xeral. Subescala Administrativa.
- . **3º Vogal:** Pilar Rey Rodís, Escalade Funcionarios de Administración Xeral. Subescala Administrativa.
- . **Secretario:** Juan Luis González Iglesias, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, pasándose seguidamente ao exame das reclamacións presentadas contra a cualificación provisional da terceira proba, caso práctico, fase de oposición, que son as seguintes:

I.- Reclamación presentada por **Alicia Guzmán Guzmán**, con DNI nº ***5553**, con data 11/04/2023, rexistro de entrada nº 202399900000884, solicitando a revisión do exame, concretamente das preguntas 1, 3, 4, 7 e 9 pois, xa que tras revisar a lexislación aplicable ás ditas preguntas, entende que cabe unha maior puntuación das mesmas, polo que solicita a revisión das ditas preguntas confrontándoas coas respostas que se terían que ter dado para a obtención da máxima puntuación en cada pregunta e a indicación das deficiencias detectadas nas respostas que xustifique a puntuación concedida e a modificación da puntuación acadada á vista dos resultados que se obteñan da revisión solicitada.

Segundo a Base 5.2 das reguladoras do proceso selectivo “O tribunal determinará o nivel de coñecementos exixidos para alcanzar a puntuación mínima” e “Os criterios xerais de corrección desta proba serán os seguintes:

1. O tribunal apreciará a aproximación á descrición e contido da normativa aplicable no esencial; esta puntuación incrementárase ou diminuírá na correspondente proporción en función da súa aproximación ao devandito contido.
2. Terase en conta a concreción das respostas dadas, a motivación destas e a contestación de todas as singularidades de cada resposta segundo o establecido na normativa reguladora que ampara as respostas de cada unha delas.”



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

De seguido faise a análise de cada unha das preguntas das que solicita a súa revisión segundo a lexislación aplicable en cada caso:

1. Pregunta nº 1. ¿De que datos adoece a solicitude presentada?.

A resposta á cuestión dada pola aspirante é a seguinte:

“La solicitud presentada adolece del justificante de pago de la correspondiente tasa para la tramitación de la licencia solicitada y de la concreción de la vivienda donde se colocaría, así como de la acreditación de su titularidad y del derecho de la interesada”.

A resposta que o Tribunal considera correcta baséase na aplicación do disposto no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA) (Solicitudes de iniciación), que establece:

“1. As solicitudes que se formulen deberán conter:

- a) Nome e apelidos do interesado e, no seu caso, da persoa que o represente.
- b) Identificación do medio electrónico, ou na súa falta, lugar físico en que desexa que se practique a notificación. Adicionalmente, os interesados poderán achegar a súa dirección de correo electrónico e/o dispositivo electrónico co fin de que as Administracións Públicas avísenlles do envío ou posta ao dispor da notificación.
- c) Feitos, razóns e petición en que se concrete, con toda claridade, a solicitude.
- d) Lugar e data.
- e) Firma do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio.
- f) Órgano, centro ou unidade administrativa á que se dirixe e o seu correspondente código de identificación”.

Polo tanto, e dado que no enunciado se indica que “No seu escrito consta, nome e apelidos da interesada, feitos, razóns e petición en que se concreta a súa solicitude, lugar e data do documento e copia do seu Documento Nacional de Identidade”, a resposta que o Tribunal consideraría correcta sería:

“A solicitude presentada adoece dos seguintes requisitos esixidos pola LPA para a formulación por un interesado dunha solicitude de iniciación dun procedemento administrativo:

- Identificación do medio electrónico, ou na súa falta, lugar físico en que desexa que se practique a notificación. Adicionalmente, os interesados poderán achegar a súa dirección de correo electrónico e/o dispositivo electrónico co fin de que as Administracións Públicas avísenlles do envío ou posta ao dispor da notificación.
- Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio.
- Órgano, centro ou unidade administrativa á que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.

A resposta da interesada non identifica ningún dos requisitos anteriores.

A maiores:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Segundo o Artigo 26 (Deveño) do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), que establece que as taxas poderán devengarse, segundo a natureza do seu feito impositivo e **conforme determine a respectiva ordenanza fiscal**: a) Cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, ou cando se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade, aínda que en ambos os casos poderá esixirse o depósito previo do seu importe total ou parcial. b) Cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente, que non se realizará ou tramitará sen que se efectuou o pago correspondente. Neste caso práctico non pode considerarse que a solicitude presentada debe vir acompañada do xustificante do pago da taxa por que se descoñece a regulación que a ordenanza fiscal da taxa por licenza de vaos permanentes fai do momento do seu deveño, dato que non se menciona no enunciado do caso práctico.

Respecto á concreción da vivenda onde se colocaría entendemos que si no enunciado sinálase que no seu escrito consta feitos, razóns e petición no que se concreta a súa solicitude cabe supoñer que está correctamente definida a súa solicitude respecto á situación física para a que solicita a licenza.

Respecto á acreditación da súa titularidade e do dereito de propiedade da solicitante debemos acudir, con carácter xeral, ao disposto no Artigo 12 Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: "As autorizacións e licenzas entenderanse outorgadas salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro". E con carácter particular, ao que puidera establecer a ordenanza reguladora das licenzas de vao permanente, dato que non se menciona no enunciado do caso práctico.

Por tanto, non é un requisito do que adoeza a solicitude o que non presente o título de propiedade da vivenda.

Tendo en conta o anterior a resposta a esta pregunta foi valorada con 0 puntos.

2.Pregunta nº 3. De acordo con a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA) en que lugares pode presentar Dna. R.G.S o seu escrito de corrección? Podería presentar este escrito no rexistro electrónico da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes?

A resposta á cuestión dada pola aspirante é a seguinte:

"La interesada podría presentar su escrito de corrección en cualquiera de los registros establecidos al efecto en la legislación. Sí, podría presentar allí su escrito."

A resposta que o Tribunal consideraría como correcta baséase nos seguintes artigos:

Artigo 16.4 LPA:

"Os documentos que os interesados dirixan aos órganos das Administracións Públicas poderán presentarse:

- a) No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1.
- b) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.
- c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- d) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

Os rexistros electrónicos de todas e cada unha das Administracións, deberán ser plenamente interoperables, de modo que se garanta a súa compatibilidade informática e interconexión, así como a transmisión telemática dos asentos rexistrados e dos documentos que se presenten en calquera dos rexistros”.

Artigo 2.1. LPA:

“1. A presente Lei aplícase ao sector público, que comprende:

- a) A Administración Xeral do Estado.
- b) As Administracións das Comunidades Autónomas.
- c) As Entidades que integran a Administración Local.
- d) O sector público institucional.”

Art. 3.2 Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL):

“Gozan, así mesmo, da condición de Entidades Locais:

- a) As Comarcas ou outras entidades que agrupen varios Municipios, constituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta Lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- b) As Áreas metropolitanas.
- c) As Mancomunidades de Municipios.”

Respecto á primeira parte da pregunta dicir que o escrito de corrección se pode presentar en calquera dos rexistros públicos establecidos ao efecto na lexislación é non responder á mesma, pois precisamente a dita pregunta o que pretende é que se indique cales son eses concretos rexistros.

Respecto da segunda parte da pregunta é correcta a resposta pero non explica o por que, polo que fóronlle outorgados 0,3 puntos (o 60% da puntuación). Unha resposta correcta sería a seguinte: “Polo tanto, con base nos artigos 3.2 da Lei 7/1985 e 2.1 da LPA, a Mancomunidade é unha entidade que integra a Administración Local, e como tal, debe ter rexistro electrónico, polo que lle é de aplicación o disposto no apartado a) do artigo 16.4 LPACAP e si se podería presentar aí”.

3.Pregunta nº 4. Transcorrido un prazo de sete meses sen que Dna. R.G.S. recibise notificación ningunha contestando á solicitude presentada, de acordo coa LPA, pode entender estimada esta por silencio administrativo?

A resposta á cuestión dada pola aspirante é a seguinte:

“No, tendría que entenderse desestimada por silencio negativo al ser esta uno de los supuestos previstos en la Ley 39/2015 en que el silencio es negativo.”

Para contestar correctamente á citada pregunta debería en primeiro lugar sinalar os prazos máximos do procedemento e despois analizar o caso concreto do silencio, isto é, baseándose no establecido nos artigos 21 e 24 da LPA.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Artigo 21. LPA.

1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación.

Nos casos de prescripción, renuncia do dereito, caducidade do procedemento ou desistencia da solicitude, así como de desaparición sobrevinda do obxecto do procedemento, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Exceptúanse da obrigación a que se refire o parágrafo primeiro, os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, así como os procedementos relativos ao exercicio de dereitos sometidos unicamente ao deber de declaración responsable ou comunicación á Administración.

2. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento.

Este prazo non poderá exceder de seis meses salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea.

3. Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses.

Artigo 24 LPACAP:

“1. Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, sen prexuízo da resolución que a Administración debe ditar na forma prevista no apartado 3 deste artigo, o vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa, lexitima ao interesado ou interesados para entendela estimada por silencio administrativo, excepto nos supostos nos que unha norma con rango de lei ou unha norma de Dereito da Unión Europea ou de Dereito internacional aplicable en España establezan o contrario. Cando o procedemento teña por obxecto o acceso a actividades ou o seu exercicio, a lei que dispoña o carácter desestimatorio do silencio deberá fundarse na concorrencia de razóns imperiosas de interese xeral.

O silencio terá efecto desestimatorio nos procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición, a que se refire o artigo 29 da Constitución, aqueles cuxa estimación tivese como consecuencia que se transferisen ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público, impliquen o exercicio de actividades que poidan danar o medio ambiente e nos procedementos de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas.”

Polo tanto para obter a puntuación máxima nesta resposta habería que indicar que transcorridos sete meses venceu o prazo máximo para ditar resolución expresa no procedemento iniciado a solicitude da interesada e identificar o suposto concreto do art. 24.1 LPA (tratarse dunha licenza que entraña transferir á solicitante facultades relativas ao dominio público) para que non se puidese entender estimada esta por silencio.

A resposta da aspirante é xenérica, non sinala os prazos para resolver, nin indica a causa pola que chega a esta conclusión, polo que lle foi outorgada unha puntuación de 0,5 (a metade do total) por ser correcta a resposta pero non estar debidamente motivada, nin contestadas as singularidades da pregunta.

4.Pregunta 7. Xunto coa resolución Dna R.G.S. recibe notificación de liquidación por parte do Concello de dereitos económicos a satisfacer pola autorización outorgada. Que



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

tipo de recurso constitúe para a Facenda Local a dita liquidación? A que capítulo de ingresos dos orzamentos municipais debería imputarse?.

A resposta á cuestión dada pola aspirante é a seguinte:

"Se trata de una tasa. Al capítulo III referente a ingresos."

A resposta é correcta e puntuouse co 90% da puntuación máxima por falta de certo detalle e motivación.

O artigo 20 Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais recolle o seguinte:

"En todo caso, terán a consideración de taxas as prestacións patrimoniais que establezan as entidades locais por:

A) A utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local (...).

Apartado 3 "Conforme ao previsto no apartado 1 anterior, as entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, e en particular polos seguintes: (...) h) Entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

ANEXO IV (Códigos da clasificación económica dos ingresos dos orzamentos das entidades locais e os seus organismos autónomos) da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais:

CAPÍTULO 3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos, concretamente Concepto 331. Taxa por entrada de vehículos.

Polo tanto para que fora considerada totalmente correcta, debería ter indicado que é unha taxa por tratarse dun aproveitamento especial do dominio público local e, a maiores, facer referencia á Orde pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais ou no seu caso o nome completo do citado Capítulo III de ingresos.

5.Pregunta 9. O Concello necesita comprar as placas sinalizadoras da autorización de reserva de entrada de vehículos a través da beirarrúa (vao permanente) por un valor estimado de 15.000 €. Que tipo de contrato sería? Podería tramitarse como contrato menor?

A resposta á cuestión dada pola aspirante é a seguinte:

"Sería un contrato de suministro y dado que no supera los 15000 € sí podría tramitarse como un contrato menor".

Para responder correctamente ás citadas cuestións deben terse en conta, cando menos, os artigos seguintes:

Artigo 16 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP): Contrato de subministración.

1. Son contratos de subministración os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens móbiles.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Artigo 118 LCSP. Expediente de contratación en contratos menores.

1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

Polo que tendo en conta que á primeira cuestión responde correctamente pero non explica nada máis acerca de por que chega á dita conclusión (non hai motivación da resposta) outorgáronse 0,4 puntos (o 80% da puntuación da primeira parte da pregunta).

Respecto á contestación á segunda cuestión a resposta é incorrecta, pois para poder ser tramitada esa compra como contrato menor de subministración o valor estimado do contrato debe ser sempre inferior a 15.000 euros, nunca igual.

Vista as repostas do Tribunal á reclamación presentada, considéranse correctas as puntuacións outorgadas, desestimándose esta.

II.- Reclamación presentada por D^a María del Carmen Díaz Mirás, con DNI nº ***0717**, con data 13/04/2023, rexistro de entrada nº 202399900000911, solicita a revisión do seu exame, especialmente no que se refire ás preguntas núm. 1º, 3ª e 8ª.

1. Pregunta nº 1. ¿De que datos adoece a solicitude presentada?.

A resposta á cuestión dada pola aspirante é a seguinte:

“Dña. RGS ha presentado su solicitud, sin embargo, omitió indicar en la misma el órgano al que va dirigido competente en materia de urbanismo (licencias)”.

Ao igual que na reclamación anterior, a resposta que o Tribunal considera correcta baséase na aplicación do disposto no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA) (Solicitudes de iniciación), que establece:

“1. As solicitudes que se formulen deberán conter:

- a) Nome e apelidos do interesado e, no seu caso, da persoa que o represente.
- b) Identificación do medio electrónico, ou na súa falta, lugar físico en que desexa que se practique a notificación. Adicionalmente, os interesados poderán achegar a súa dirección de correo electrónico e/o dispositivo electrónico co fin de que as Administracións Públicas avisenlles do envío ou posta ao dispor da notificación.
- c) Feitos, razóns e petición en que se concrete, con toda claridade, a solicitude.
- d) Lugar e data.
- e) Firma do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio.
- f) Órgano, centro ou unidade administrativa á que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.”

Polo tanto, e dado que no enunciado se indica que “No seu escrito consta, nome e apelidos da interesada, feitos, razóns e petición en que se concreta a súa solicitude, lugar e data do



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

documento e copia do seu Documento Nacional de Identidade”, a resposta que o Tribunal consideraría correcta sería:

“A solicitude presentada adoece dos seguintes requisitos esixidos pola LPA para a formulación por un interesado dunha solicitude de iniciación dun procedemento administrativo :

- Identificación do medio electrónico, ou na súa falta, lugar físico en que desexa que se practique a notificación. Adicionalmente, os interesados poderán achegar a súa dirección de correo electrónico e/o dispositivo electrónico co fin de que as Administracións Públicas avísenlles do envío ou posta ao dispor da notificación.
- Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio.
- Órgano, centro ou unidade administrativa á que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.

Da análise da resposta da aspirante se ben indica que omitiu indicar o órgano (o que en principio outorgaríalle unha puntuación de 0,334). A mención ao órgano competente en materia de urbanismo (licencias) é incorrecta. Debe diferenciarse entre a competencia para a concesión de títulos habilitantes de natureza urbanística (licenza urbanística/comunicación previa) e a competencia para a concesión dunha licenza por utilización dun ben de dominio público (vía pública/beirarrúa). A resposta da aspirante tampouco identifica o resto dos requisitos dos que adoece a solicitude de iniciación presentada.

2. Pregunta nº 3. De acordo con a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante LPA) en que lugares pode presentar Dña. R.G.S o seu escrito de corrección? Podería presentar este escrito no rexistro electrónico da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes?

A resposta á cuestión dada pola aspirante é a seguinte:

“En virtud del artículo 14 de la Ley 39/2015, el interesado puede elegir el modo en cómo relacionarse con la Administración y, en cualquier momento, podrá modificar el modo. Dado que Dña R.G.S. es una persona física, no está obligada a relacionarse a través de medios electrónicos, pero si así lo desea podría hacerlo en cualquier momento.

Por lo tanto, el escrito de corrección podría presentarlo:

- *En cualquiera de los Registros habilitados para ello.*
- *Presencialmente en oficinas registrales; ó en oficinas de correos (atendiendo a su normativa).*
- *En la sede electrónica del Concello de Ordes (art. 16.4 de la Ley 39/2015).*
- *Incluso, si es el caso, podría presentarlo en oficinas consulares de España en el extranjero”.*

A resposta que o Tribunal consideraría como correcta baséase nos seguintes artigos:

Artigo 16.4 LPA:

“Os documentos que os interesados dirixan aos órganos das Administracións Públicas poderán presentarse:

- a) No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1.
- b) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- d) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.
- e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

Os rexistros electrónicos de todas e cada unha das Administracións, deberán ser plenamente interoperables, de modo que se garanta a súa compatibilidade informática e interconexión, así como a transmisión telemática dos asentos rexistrados e dos documentos que se presenten en calquera dos rexistros”.

Artigo 2.1. LPA:

“1. A presente Lei aplícase ao sector público, que comprende:

- a) A Administración Xeral do Estado.
- b) As Administracións das Comunidades Autónomas.
- c) As Entidades que integran a Administración Local.
- d) O sector público institucional.”

Art. 3.2 Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:

“Gozan, así mesmo, da condición de Entidades Locais:

- a) As Comarcas ou outras entidades que agrupen varios Municipios, constituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta Lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- b) As Áreas metropolitanas.
- c) As Mancomunidades de Municipios.”

Polo Tribunal respecto á resposta á primeira parte da primeira pregunta outorgáronse 0,20 puntos de 0,5 posibles. A estes efectos dividiuse a segunda parte da primeira pregunta entre 5 (lugares que sinala a normativa para a presentación de documentos polos interesados).

Respecto a cada un deses puntos valorouse:

- No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1. Outorgóuselle como ben a metade da resposta, dada a súa non concreción.
- Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza. Outorgóuselle a totalidade da puntuación.
- Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro. Outorgóuselle a metade da puntuación ao citar unicamente as oficinas consulares.
- Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros. Non fixo referencia na súa resposta.
- En calquera outro que establezan as disposicións vixentes. Non fixo referencia na súa resposta

Respecto da segunda pregunta, esta non foi contestada.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

3. Pregunta 8.- Dna. R.G.S. non está de acordo co importe da liquidación practicada pola Tesorería municipal. Que actuacións pode realizar para reclamar contra a mesma e cal é o prazo de que dispón para iso?.

A resposta á cuestión dada pola aspirante é a seguinte:

"Dña RGS podrá interponer un recurso potestativo de reposición ante el mismo órgano de la tesorería del concello (órgano liquidador) y dispone de un mes para interponerlo. De ser desestimado, en la resolución, entonces ya tendrá que acudir a un contencioso-administrativo (plazo de 2 meses), tras esa resolución por parte de la tesorería".

A resposta que o Tribunal consideraría como correcta baséase nos seguintes artigos:

Artigo 14 TRLRFL:

"2. Contra os actos de aplicación e efectividade dos tributos e restantes ingresos de dereito público das entidades locais, só poderá interpoñerse o recurso de reposición que a continuación se regula.

a. Obxecto e natureza.-Son impugnables, mediante o presente recurso de reposición, todos os actos ditados polas entidades locais en vía de xestión dos seus tributos propios e dos seus restantes ingresos de dereito público. O anterior enténdese sen prexuízo dos supostos nos que a lei prevé a posibilidade de formular reclamacións económico-administrativas contra actos ditados en vía de xestión dos tributos locais; en tales casos, cando os actos fosen ditados por unha entidade local, o presente recurso de reposición será previo á reclamación económico-administrativa.

b. Competencia para resolver.-Será competente para coñecer e resolver o recurso de reposición o órgano da entidade local que ditase o acto administrativo impugnado.

c. Prazo de interposición.-O recurso de reposición interpoñerase dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación expresa do acto cuxa revisión se solicita ou ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns ou matrículas de contribuíntes ou obrigados ao pago."(...).

ñ. Impugnación da resolución.-Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñerse de novo este recurso, podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, todo iso sen prexuízo dos supostos nos que a lei prevé a interposición de reclamacións económico-administrativas contra actos ditados en vía de xestión dos tributos locais".

Dado que o caso práctico se referire ao Concello de Ordes, non sendo de aplicación o réxime dos municipios de gran poboación, polo que a única actuación que se pode realizar para reclamar contra a liquidación practicada é a presentación do único recurso procedente que é o recurso de reposición (obrigatorio e non potestativo) regulado no artigo 14 do TRLRFL, que é un recurso específico e diferente ao recurso de reposición potestativo dos arts. 112 e 123 da LPA.

Evidentemente contra a desestimación deste recurso pode interpoñerse o contencioso-administrativo, como contra calquera acto que esgote a vía administrativa.

Por conseguinte, a resposta da aspirante ao referírense ao recurso potestativo de reposición non é correcta.

Vistas as repostas do Tribunal á reclamación presentada, considéranse correctas as puntuacións outorgadas, desestimándose esta.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

Desestimadas as reclamacións presentadas, polo Tribunal procédese a elevar as puntuacións provisionais a definitivas:

NIF	ASPIRANTE	P. 1ª	P. 2ª	P. 3ª	P. 4ª	P. 5ª	P. 6ª	P. 7ª	P. 8ª	P. 9ª	P. 10ª	PUNTUACIÓN TOTAL (*)
***7341* *	Bermúdez Rivas, María del Carmen	0,334	1,000	0,250	0,700	0,500	0,334	0,300	0,800	0,900	0,500	5,62
***3716* *	Boquete Bouzas, Olalla	0,150	0,668	0,630	0,800	0,000	0,603	0,500	1,000	0,900	0,500	5,75
***0717* *	Díaz Mirás, María del Carmen	0,000	0,668	0,200	0,500	0,000	0,916	0,400	0,000	0,400	0,500	3,58
***5553* *	Guzmán Guzmán, Alicia	0,000	0,334	0,300	0,500	0,000	0,800	0,900	0,000	0,400	0,600	3,83
***5112* *	Lema Amado, Noelia María	0,334	0,668	0,650	0,000	0,750	0,833	0,150	0,000	0,500	0,500	4,39
***5038* *	Muñoz Fernández, David	0,334	0,668	0,540	0,700	0,750	0,500	0,400	0,000	0,900	0,600	5,39
***8675* *	Pintos Capeáns, Jesús Manuel	0,334	0,500	0,805	0,700	0,750	0,750	0,400	0,000	0,900	1,000	6,14
***1715* *	Ponte Reiriz, Iria	1,000	0,800	0,325	0,800	0,650	0,653	1,000	0,500	1,000	0,900	7,63
***5500* *	Reigosa Lombao, Agostiño	0,334	0,900	0,630	1,000	0,650	0,916	0,400	0,000	0,900	0,800	6,53
***7875* *	Reino Rey, Alba Andre	0,668	0,800	0,380	0,950	0,650	1,000	1,000	1,000	1,000	0,600	8,05
***3896* *	Rodríguez Benlloch, Fernando	1,000	0,800	0,400	1,000	0,600	1,000	1,000	0,000	0,900	0,900	7,60

(*) É necesario acadar 5 puntos, como mínimo, para non quedar eliminado.

Por último, polo Tribunal declárase que superan esta terceira proba, caso práctico, fase de oposición, os aspirantes seguintes:

NIF	ASPIRANTE	PUNTUACIÓN TOTAL
***7875 **	Reino Rey, Alba Andre	8,05
***1715 **	Ponte Reiriz, Iria	7,63
***3896 **	Rodríguez Benlloch, Fernando	7,60
***5500 **	Reigosa Lombao, Agostiño	6,53
***8675 **	Pintos Capeáns, Jesús Manuel	6,14
***3716 **	Boquete Bouzas, Olalla	5,75
***7341 **	Bermúdez Rivas, María del Carmen	5,62
***5038 **	Muñoz Fernández, David	5,39

Polo tribunal acórdase publicar a resposta ás reclamacións presentadas, as cualificacións definitivas e aspirantes aprobados nesta terceira proba, caso práctico, da fase de oposición na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

RECURSOS: Contra os acordos anteriores do Tribunal de Selección, poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as trece horas e trinta minutos do día ao principio sinalado.

Ordes, na data da sinatura electrónica

O Presidente
Javier Siro Suárez Rodríguez

O Secretario
Juan Luis González Iglesias